



Acordo do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso en catro prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, pola cal se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do terceiro exercicio.

O tribunal nomeado por resolución da Presidencia do 12 de febreiro de 2025 (*BOPG* núm. 157, do 13 de febreiro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso en catro prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, convocado polo Acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2024, (*DOG* núm. 174, do 10 de setembro), acordou que, de conformidade co disposto na base 6.1.3, o terceiro exercicio, ao que están obrigados os aspirantes que se relacionan no anexo, realizarase o **luns día 10 de novembro de 2025, na biblioteca Carballo Calero**, na planta 0 do edificio do Parlamento de Galicia na rúa Hórreo nº 63 de Santiago de Compostela en chamamento único.

ACCESO

Dentro do edificio, o persoal da institución acompañará os aspirantes á zona de espera para o chamamento no corredor que dá acceso á biblioteca.

O chamamento iníciase ás 16.00 horas. As persoas aspirantes deberán ir provistas do documento nacional de identidade (DNI) ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de bolígrafo azul ou negro. Comprobaranse as identidades das persoas aspirantes e serán acompañados ata o lugar onde tomarán asento para realizar o exercicio.

A chamada será efectuada por orde alfabética do primeiro apelido, comezando pola letra «N». Na sala onde se desenvolverá o exercicio non estará permitido usar ningún tipo de reloxo, de dispositivo que emita ou reciba radiofrecuencias, de teléfono móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico, agás os explicitamente aprobados polo tribunal por razóns médicas acreditadas de maneira individual. Este tipo de dispositivos deberán permanecer desactivados e gardados ou depositados no chan durante todo o desenvolvemento das probas.

O documento identificador con foto deberá deixarse á vista do tribunal, enriba da mesa do aspirante durante toda a realización do exercicio. O tribunal poderá comprobalo en calquera momento.



DURACIÓN

A duración do exercicio será de 60 minutos.

DESENVOLVEMENTO

O cuestionario constará de 30 preguntas tipo test e de 3 preguntas máis de reserva. Das catro respostas posibles a cada pregunta só haberá unha correcta. O cuestionario recollerá contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua (léxico, sintáctico e gramatical) correspondentes ao nivel Celga 3.

O exercicio valorarase como «apto/a» ou «non apto/a». Será preciso contestar correctamente 16 ou máis preguntas para superalo e así obter a valoración de «apto/a».

Non serán valoradas as preguntas sen responder nin tampouco aquelas en que as marcas ou correccións efectuadas ofrezan a conclusión de non haber opción de resposta válida.

O cuestionario, xuntamente coas respostas correctas, publicaráse no portal web corporativo nas vinte e catro horas seguintes á finalización do exame.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2025

A secretaria do tribunal



ANEXO

RELACIÓN DAS PERSOAS QUE ESTÁN OBRIGADAS A REALIZAR O TERCEIRO EXERCICIO O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2025

Apelidos	Nome	DNI
ALONSO SUÁREZ	LORENA	***9493**
FRAGA CAMPO	JUAN	***2882**